

RECOMENDACIÓNS MUSICAIS E ARTÍSTICAS



**OS CATIVOS DESCUBRIRÁN A
MAXIA DA MÚSICA DE MOZART
AO PREMER NOS BOTÓNS EN
CADA PÁXINA PARA ESCOTTAR AS
DISTINTAS MELODÍAS.**

**A ORQUESTRA DE ANIMAIS ESTÁ DE XIRA POLO BOSQUE E
VAI TOCANDO AS PEZAS MUSICAIS AO TEMPO QUE
CONTA FEITOS INTERESANTES SOBRE UN DOS
COMPOSITORES MÁIS FAMOSOS DA HISTORIA.**



**A ARTE COMO ACCIÓN CREADORA PARA INICIAR
VERDADEIROS CAMBIOS EDUCATIVOS, BASEADOS NO
DESENVOLVEMENTO DE PROCESOS PERSOAIS QUE
FOXEN DAS RESPOSTAS ESTEREOTIPADAS E
CONVENCIONAIS.**

FELICES FESTAS!




CEIP Plurilingüe

Sestelo – Baión



RECOMENDACIÓNS LECTORAS PARA ESTE NADAL



BIBLIOBAIÓN



SEGUNDO CICLO E. P.

3º



OS MINIMORTOS SON UNHA CUADRILLA DE NENOS MOI DIFERENTES A TI: SON NENOS DE ULTRATUMBA. AGARDAN POLOS SEUS PAIS NO OUTRO BARRIO, UN LUGAR DE PASO ONDE TEÑEN LIBERDADE PARA FACER O QUE LLES PETE.

TODOS CAMBIA O DÍA QUE CHEGA CATACRAK, UN CATIVO QUE QUERE REGRESAR AO MUNDO DOS VIVOS. OS MINIMORTOS TERÁN QUE EMPREGAR O SEU ENXEÑO PARA AXUDALO. CONSEGUIRÁN QUE CATACRAK REGRESE Á VIDA?



SEGUNDO CICLO E. P.

3º



CÓMIC

DURANTE AS SÚAS VACACIÓNS, MAIA TEN UNA MISIÓN, COMPLETAR A ENCICLOPEDIA DE ANIMAIS MÁXICOS DO SEU AVÓ, PORÉN NON LLE ESTÁ INDO MOI BEN: PARECE QUE NINGUNHA DAS CRIATURAS DO LIBRO EXISTE!

ADEMAIS, A RAPAZA DESCOBRE QUE A ENFERMIDADE DA SÚA AVOA ESTÁ INDO A PEOR, ALGO QUE NON PODE PERMITIR.

COA MOCHILA ÁS COSTAS, A ENCICLOPEDIA DO SEU AVÓ E UNS BOCADILLOS, MAIA LÁNZASE Á PROCURA DUN SER DE LENDA, UNHA CRIATURA CAPAZ DE CURAR A SÚA AVOA...



SEGUNDO CICLO E. P.

3º




PASATEMPOS

INCLÚE MÁIS DE 50 ACTIVIDADES VARIADAS: SOPAS DE PALABRAS, LABIRINTOS, RETOS DE OBSERVACIÓN, DEBUXOS PARA COLOREAR E COMPLETAR...

TODAS INSPIRADAS NO NADAL GALEGO:

O APALPADOR, OS AGASALLOS, O INVERNO, OS ADORNOS, AS COMIDAS TRADICIONAIS E OUTROS ELEMENTOS ENTRAÑABLES DESTAS DATAS.




SEGUNDO CICLO E. P.

4º



AS MEIGAS, O MONTE PINDO, OS NUBEIROS, BRANCAFLOR, OS MOUROS, A HERBA DE NAMORAR, A RAIÑA LUPA, OS MORADORES DOS CASTROS, SON ALGÚNS DOS HABITANTES DESTA «PEQUENA MITOLOXÍA DE GALICIA»

AS SÚAS PÁXINAS INTRODÚCENTE NUN MUNDO MÁXICO, ENTRE LÓSTREGOS SALVAXES E PAXAROS DE BO E MAL AGOIRO, PARA QUE CONSIGAS ROUBAR O PEITE DA MOURA, PARA QUE RECOLLAS OS CARBÓNS QUE SE CONVERTEN NUN TESOURO E PARA QUE APRENDAS A SUFRIR CON PACIENCIA A TRASNOS, DIAÑOS E TARDOS ANTES DE QUE PEDRO CHOSCO CHE POUSE O SONO NA ALMOFADA.



SEGUNDO CICLO E. P.

4º



¿CHEGARÁ ALGÚN DÍA NO QUE POIDA EXISTIR UNHA CONVIVENCIA FELIZ ENTRE OS SERES HUMANOS MÁIS ALÁ DAS DIFERENCIAS DE IDEAS OU CAPACIDADES?

ESTRELA, UNHA NOVA ALUMNA DO DERRADEIRO CURSO DE PRIMARIA –QUE RECIBE CLASES DE APOIO–, DEMOSTRARÁ ÓS SEUS COMPAÑEIROS DE COLEXIO, A SÚA FAMILIA E... A TODO O MUNDO QUE O MÁIS IMPORTANTE É TER UN GRAN CORAZÓN.



SEGUNDO CICLO E. P.

4º



LELA NON É UNHA AVOA CALQUERA. COS SUPERPODERES DA RETRANCA, DA ASTUCIA E DA EXPERIENCIA, PODE RESOLVER CALQUERA OBSTÁCULO OU SITUACIÓN DA VIDA.

A SÚA FAMILIA SABE QUE NON HAI MEDO QUE A DETEÑA, AÍNDA QUE ÁS VECES ACABE METIDA NALGUNHA ENLEADA DAS SÚAS UN DIVERTIDO CÓMIC CON BREVES HISTORIAS AUTOCONCLUSIVAS QUE, A TRAVÉS DO HUMOR, LLES RENDE UNHA HOMENAXEA ÁS AVOAS.